



MU TA CIÓN UR BA NAS

LABORATORIO DE CREACIÓN
PARA ACTIVAR A CIDADE
DUN XEITO INCLUSIVO.

Do 12 ao 30 de setembro
en distintos espazos da cidade.

MUTACIÓNS URBANAS

Laboratorio de Creación para activar a cidade dun xeito inclusivo.

6 artistas profesionais + 5 liñas de acción + 7 colectivos sociais +
5 proxectos de creación + 109 novas voces creativas = unha cidade diferente

7H Cooperativa Cultural,
en colaboración co Concello de Santiago.

Setembro e Outubro de 2016

Mutacións Urbanas foi unha aposta por achegar a creación artística e facilitar a palabra a algúns dos colectivos máis invisibilizados da cidade: nenos enfermos, menores trans, persoas autistas ou con enfermidades mentais, persoas en rehabilitación ou migrantes en risco de exclusión social foron os protagonistas de cinco laboratorios de creación colectiva dirixidos a súa vez por seis artistas que destacan, entre outros motivos, pola súa sensibilidade e formación educativa.

A través de disciplinas tan dispares como a pintura, a arte de acción, a reciclaxe ou a escultura en lá, e a través de diversos encontros con colectivos e entidades asociativas da cidade, desenvolvéronse durante setembro cinco propostas de intervención artística que ata outubro foron xerando material artístico residual pola cidade, implicando así non só aos colectivos e participantes, se non a toda a cidadanía.



#PARCHEADOS

Dirección: lo Morales (Pontevedra, 1986).

Participantes: 19 persoas

Colectivos: Proxecto Home Galicia e Feafes Galicia.

Data e localización: 12 e 19 de Setembro, Biblioteca Pública Anxel Casal.

Obxetivos: aproximarnos á técnica escultórica mediante materiais cotiáns, rachar os roles de xénero asociados á técnica do ganchillo, implementar unha práctica manual baseada na repetición e altamente recomendada para os colectivos implicados, establecemento de relacións entre colectivos e entre estes e a sociedade, favorecer a autonomía e o pensamento crítico que

nos pode aportar a creación a nosa vida diaria.

Desenvolvemento:

Durante a primeira sesión facilitáronse aos participantes, na maioría homes, as instrucións básicas para crear con lá, adentrándose na técnica do ganchillo e deconstruíndo de xeito práctico a visión doméstica e menor deste arte. Durante a segunda sesión empregouse o material creado para realizar dúas intervencións artísticas no espazo público: nos adoquíns de entrada á biblioteca chamouse a atención sobre o deterioro do espazo público, e no aparcadoiro de bicis realizouse unha intervención máis estética para resaltar os medios de transporte ecolóxico.



#COR CARNE?

Dirección: Angélica Dass (Río de Janeiro, 1979).

Participantes: 40 persoas.

Colectivos: Planeta Shalom e Asociación Centinelas.

Data e localización: 16 de Setembro, Área Central. Presenza residual durante o mes de Outubro en distintos espazos públicos da cidade.

Obxetivos: demostrar que ningún e branco ou negro, rachar cos estereotipos raciais, facilitar ferramentas a educadores e familias para loitar contra o racismo, desfrutar da diversidade cromática e empoderar aos cativos en risco de exclusión social, visibilizar a riqueza de matices da nosa cidade e difundir o enorme traballo de Humanae.

Desenvolvemento:

O 16 de Setembro celebráronse dous intensos encontros de creación cos que puidemos demostrar que non existe a cor carne. Da man da artista brasileira Angélica

Dass e na liña do seu internacional proxecto fotográfico Humanae, traballamos cun grupo de 20 educadores nunha primeira sesión e con 14 nenas e nenos e os seus pais nunha segunda, na procura de crear con eles un pequeno muestrario cromático das distintas tonalidades de pel existentes na nosa cidade.

Este variado pantone froito dos traballos artísticos resultantes, foi transformado en pegatinas que, buscando visibilizar o proxecto e seguindo as pautas tanto do street art, como da publicidade de guerrilla, foi colocado en distintos puntos da cidade polos propios participantes durante o mes de Outubro.







#CON LUZ PROPIA. UNIVERSO DIVERSO.

Dirección: Diego RoCo (Compostela, 1989).

Aínda que inicialmente se plan-texara como un laboratorio de fotografía e light-painting dirixido por Yolanda Hermida, as necesidades e inquietudes da propia Asociación implicada levaron a desenvolver un programa de arte e acción que respondía máis á experiencia do artista Diego RoCo, que pasou a ocuparse da proposta.

Participantes: 20 persoas.

Colectivos: Arelas, asociación de familias de menores trans.

Data e localización: 25 de Setembro, prazas e rúas do casco vello e parque da Alameda.


Obxetivos: empoderar aos menores trans e aos seus familiares a través da acción artística, visibilizar a realidade trans duns xeito positivo, diurno e alegre, para

loitar cos estereotipos tradicionalmente asociados a este colectivo, defender o noso dereito á diversidade compartindo as reivindicacións das plataformas trans e facendo partícipes desta realidade a toda a cidade.

Desenvolvemento:

Durante a xornada do 25 de Setembro as rúas da zona vella compostelana foron protagonistas de diversas accións artísticas creadas para visibilizar ao colectivo trans da cidade. A modo de performance e involucrando aos viandantes, os participantes bailaron desde o Obradoiro á Alameda ao ritmo dun tema composto especificamente para a ocasión polo grupo trans Canela Cafuné, mentras agasallaban aos habitantes e visitantes de Compostela con globos, flores, pulseras e pegatinas que recollían o lema e a enerxía da acción: o Universo é diverso, e nós tamén.





#A NOVA VIDA DOS OBXECTOS.

Dirección: Beatriz Lema (A Coruña, 1985).

Participantes: 20 persoas.

Colectivos: Aspanaes, asociación de familiares de persoas autistas.

Data e localización: 26 de Setembro no Centro de Día de Vilvestro, e 28 de Outubro na Rúa de Sánchez Freire.

Obxetivos: empregar artisticamente materiais de refugallo desde un posicionamento de consciencia ecolóxica, implementar unha práctica manual baseada na repetición e altamente recomendada para o colectivo implicado, facilitar a creación colectiva e visibilizar o proceso ao resto da sociedade, rachar cos estereotipos e posicionamentos paternalistas asociados ás persoas con espectro autista, empregar todo o anterior para loitar conxuntamente co feísmo da cidade.

Desenvolvemento:

Descartados pratos de porcelana que un pequeno almacén galego foi rescatando tralo peche de varias fábricas galegas, foron o material de refugallo escollido por Lema como soporte dunhas renacidas pezas artísticas coas que se buscou aportar novas cores (e miradas) á cidade. A técnica escollida durante a primeira sesión deste laboratorio foi a pintura cerámica, para, a través da creación libre e individual conformar unha construción colectiva que rematou nunha intervención mural no barrio de Conxo, grazas a colaboración coa Asociación de comerciantes da zona.







#FABULATORIO

Dirección: Eva Agra (Compostela, 1990) e Lara Torres (Rianxo, 1989).

Participantes: 10 persoas.


Colectivos: colectivo de menores ingresados no Hospital Clínico.

Data e localización: 30 de setembro, Aula Hospitalaria do Servizo de Pediatría.

Obxetivos: reducir ou eliminar a través da arte o síndrome do hospitalismo (deterioro anímico progresivo que sufren os menores hospitalizados), minimizar o impacto negativo da estancia hospitalaria, implicar aos menores na toma de decisións sobre o entorno hospitalario e a súa necesaria transformación, continuar a investigación sobre pautas de transformación cromática e figurativa no Hospital.

Desenvolvemento:

No marco do proxecto Algo Máis de Cor: terapia habitación de hospital, Fabulatorio xurde como oportunidade de vincular as teorías da investigación THH, as propostas de ilustradores profesionais sobre as mesmas e os propios usuarios da área de pediatría. Mezclando ilustración, collage e creación literaria Agra e Torres traballaron cos menores na creación dos protagonistas e o ambiente cos que transformar cromáticamente algún dos grises espazos do hospital. A *Habitación Costeira* foi a proposta resultante, a cal, reinterpretada de novo polas propias ilustradoras e adaptada a súa vez á habitación 101, foi trasladada á cooperativa de artes gráficas *Pegadas* para que a transforme nun vinilo que se instalará na propia habitación.



#INFORMACIÓN DE CONTACTO

EVA AGRA – DPTO. DE ILUSTRACIÓN E IMAXE:

eva.agra@7hcoop.es – 645.551.184

CLARA RODRÍGUEZ CORDEIRO – DPTO. DE
PROXECTOS, FORMACIÓN E SOCIAL MEDIA:

clararcordeiro@7hcoop.es – 637.894.033

ANA OLVEIRA – DPTO. DE ADMINISTRACIÓN:

anaolveira@7hcoop.es – 661.549.006



@7Hcoop

